

PROXECTO LINGÜÍSTICO

CEIP Plurilingüe Alexandre Rodríguez Cadarso

2022/23 – 2025/26

O idioma é a forza
que nos xunge e sostén.
iSe perdemos a fala
non seremos ninguén!

(Manuel María)

Indice	Páx.
1. Introducción	3
2. Marco legal	3
3. Análise da contorna	4
3.1. Situación xeográfica do Centro	4
3.2. Situación lingüística do Concello e procedencia do alumnado	4
3.3. Análise do contexto sociolingüístico	5
4. Descrición do centro	9
4.1. Número de unidades	9
4.2. Recursos persoais	9
4.3. Áreas impartidas nas distintas linguas	10
4.4. Relacións que se establecen co contexto familiar e social	11
5. Equipo de Dinamización da Lingua Galega	11
5.1. O EDLG no curso 2022/23	11
5.2. Actividades que desenvolve o EDLG	11
6. Obxectivos xerais para o fomento da lingua galega	11
7. Liñas de actuación para o fomento da lingua galega	13
8. Metodoloxía, actividades e estratexias de aprendizaxe para a adquisición das dúas linguas oficiais e das linguas estranxeiras ofertadas no centro.	14
8.1. Acordos metodolóxicos básicos de actuación para todas as linguas	14
8.1.1. Medidas con relación á lingua galega.	15
8.1.2. Medidas con relación á lingua castelá.	15
8.1.3. Medidas con relación á lingua inglesa.	16
8.2. Actividades e estratexias para o fomento das linguas	16
9. Decisión respecto da lingua en que se imparten as materias de educación primaria	17
10. Medidas (específicas) adoptadas para o alumnado que non teña suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.	18
11. O Programa Plurilingüe	19
11.1. Obxectivos	20
11.2. Estratexias metodolóxicas para desenvolver o Proxecto Plurilingüe	21
12. Avaliación	23

1. INTRODUCCIÓN

Un valor fundamental para acadar a cohesión dunha comunidade é a lingua propia, considerada como un elemento básico da identidade cultural dun pobo.

No artigo 3 da Constitución Española establécese que **a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.**

Así mesmo, no artigo 5 do **Estatuto de Autonomía** defínese o galego como **lingua propia de Galicia**, e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais na nosa comunidade e que toda a cidadanía ten o dereito de coñecelos e empregalos.

Queda establecido tamén que serán os poderes públicos de Galicia os que deberán potenciar o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

Con respecto aos actualmente denominados Equipos de Dinamización da Lingua Galega (en adiante EDLG), o Plan Xeral de Normalización Lingüística do ano 2004 (páxina 97) recoñece a súa presenza dentro dos centros educativos como organizadores e colaboradores da actividade académica e extraescolar do centro.

Os EDLG deben asumir proxectos realistas con obxectivos ben graduados e temporalizados co fin de conseguir o seu cumprimento e ter en conta, ademais, a importancia de realización dun traballo coordinado con outros equipos do centro: equipos de ciclo, equipo de biblioteca, equipo das TIC, equipo de actividades extraescolares; así coma con colectivos veciñais, asociacións culturais, ANPA, e con outros centros educativos próximos.

Por outra banda, cómpre salientar a participación do noso centro no Programa Plurilingüe dende o curso 2010/2011 en Educación Primaria, que se viu ampliada ao segundo ciclo de Educación Infantil no curso 2017/2018.

O obxectivo que se persegue é proporcionarlle ao alumnado unha ferramenta precisa para enfrontarse á sociedade presente e futura de xeito aberto, activo e construtivo, así como favorecer as relacións multiculturais e multidisciplinares na súa vida adulta.

Ademais, esta mellora no desenvolvemento das competencias clave do alumnado en lingua inglesa, debería favorecer tanto o uso coma o respecto polas linguas oficiais, en particular, a galega. Debería, así mesmo, contribuír á concienciación da importancia de comunicarse con fluidez en máis de unha lingua.

2. MARCO LEGAL

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os que seguen:

- **Constitución Española de 1978**
-

- **Lei Orgánica 1/1981**, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia
- **Lei 3/1983**, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística
- **Decreto 150/2022, do 8 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia
- **Decreto 155/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia
- **Decreto 79/2010**, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia
- **Resolución do 28 de marzo do 2022** da Secretaría Xeral de Educación e Formación profesional pola que se regula o programa plurilingüe no segundo ciclo da Educación Infantil (Plurinfantil) para o curso 22/23.
- **Orde do 12 de maio, de 2011**, pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia
- **Orde do 10 de febreiro de 2014** pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.
- **Instrución** para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este.
- **Orde do 25 de xuño do 2009** pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación no segundo ciclo da Educación Infantil na CC.AA de Galicia.
- **Lei Orgánica 3/2020**, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación

3. ANÁLISE DO CONTORNO

3.1. Situación xeográfica do centro.

O CEIP Plurilingüe Alexandre Rodríguez Cadarso está situado no lugar de A Barquiña, parroquia de Santa Cristina de Barro, barrio periférico da vila de Noia; da que dista 2,5 quilómetros.

O termo municipal comprende cinco parroquias: Argalo, Barro, Boa, Obre e Roo, e a capital, a vila de Noia.

A Barquiña é o terceiro núcleo máis poboado do municipio, cuns 400 habitantes; tendo na actualidade o municipio de Noia 14.274 habitantes.

O medio no que se atopa o centro caracterízase por:

- Contorna de poboación mixta: rural, marítimo-pesqueira e urbana, tendo os dous primeiros grupos un claro predominio sobre o terceiro.
- O motor económico da vila noiesa xira arredor de dous sectores: servizos e primario. No sector servizos cómpre salientar o comercio, que lle vén de tradición xa que, antigamente, Noia era terra de zapateiros e de curtidores. No sector primario, a actividade económica por excelencia é a pesca e o marisqueo, do cal viven numerosas familias. A devandita actividade

concéntrase no porto de Testal, onde hai varios bancos marisqueiros dos que se extraen berberecho e ameixa.

Na época estival dáse certo dinamismo na vila ao ser Noia un destino turístico, fundamentalmente de paso cara a outros puntos de Galicia.

- A vila de Noia conta con 2 IES (un deles cunha sección da EOI, dependente de Santiago de Compostela), 2 CEIP e 2 centros privados concertados; 2 polideportivos e piscina municipal, Conservatorio, Casa da Cultura, local de ensaio, Teatro Coliseo Noela e unha Sociedade Recreativa e Cultural privada (Liceo); así como unha serie de locais sociais espallados polo Concello.

3.2.Situación lingüística do Concello e procedencia do alumnado.

Dunha forma xeral podemos dicir que tanto o galego coma o castelán están presentes como linguas de uso no concello ao que pertence este centro, Noia, resultando a primeira destas linguas como dominante nos sectores máis rurais, e/ou ligados a unha economía de tipo primario, mentres que nas áreas máis urbanas, se reparten as dúas linguas no seu emprego a nivel oral, tendo en conta que a nivel escrito a alfabetización en galego, coma no resto de Galicia, é máis deficiente ca en castelán.

Podemos falar entón dun cruzamento de influencias nas estruturas entre as dúas linguas a nivel falado e escrito.

Con respecto á lingua dominante das familias e do alumnado do CEIP Plurilingüe Alexandre Rodríguez Cadarso, sinalar que era predominantemente a galega ata que se foi incorporando alumnado procedente do núcleo urbano de Noia, así como doutros países; polo que a poboación escolar castelán-falante se incrementou de xeito considerable; tal como o corroboran as enquisas realizadas recentemente.

Podemos concluír, polo tanto, que o castelán é o idioma predominante no centro da vila, mentres que o galego é o máis empregado na periferia desta.

En Noia, a variante dialectal que se fala corresponde ao bloque occidental e, dentro deste, á área fisterrá.

En canto á fala, temos en conta a conveniencia de respectar as características propias da zona (seseo e gheada a nivel fonético; plural en –án tanto para o masculino como para o feminino nalgúns substantivos, coma irmán, plural en –óns para os nomes rematados en –n, no plano morfolóxico) como trazos dialectais propios con fondas raíces e correctos no plano oral; sendo na lingua escrita onde se esixe a normativa común, insistindo na necesidade de que todos/as escribamos cun patrón único e incidindo no rigor na súa aplicación.

3.2. Análise do contexto sociolingüístico

Este curso 2022-2023 levouse a cabo unha nova enquisa sociolingüística, remitida ás familias e que se aplicou a todos o niveis das dúas etapas, Infantil e Primaria.

ITEMS DA ENQUISA

- OS AVÓS FALAN NORMALMENTE ENTRE SI EN:
- OS AVÓS FALAN NORMALMENTE CO PAI/NAI DO NENO/A EN:
- OS AVÓS FALAN NORMALMENTE CO ALUMNO/A EN:
- OS PAIS FALAN NORMALMENTE ENTRE SI EN:
- OS PAIS FALAN NORMALMENTE CO FILLO/A EN:
- O/A FILLO/A FALA NORMALMENTE COS SEUS AVÓS EN:
- O/A ALUMNO/A FALA NORMALMENTE COS SEUS PAIS EN:
- O/A ALUMNO/A FALA NORMALMENTE COS SEUS IRMÁNS/ÁS EN:
- O/A ALUMNO/A FALA NORMALMENTE COS AMIGOS/AS EN:

A continuación pasarán a expoñerse os resultados obtidos con esta enquisa:

A/ Datos de participación

ETAPA INFANTIL

Número total de familias: 70

Número de familias participantes: 65

Porcentaxe de familias participantes: 92,85%

ETAPA PRIMARIA

Número total de familias: 170

Número de familias participantes: 142

Porcentaxe de familias participantes: 83,52%

TOTAL CENTRO:

Número total de familias do alumnado do centro: 240

Número de familias participantes na enquisa: 207

Porcentaxe de participación total: 86,25%

B/ Porcentaxe de uso da lingua por etapas

EDUCACIÓN INFANTIL

1. OS AVÓS FALAN NORMALMENTE ENTRE SI EN:

LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	AMBAS INDISTINTAMENTE (GALEGA E CASTELÁ)	OUTRAS LINGUAS	NON SABE/NON CONTESTA
70,77%	7,69%	9,23	9,23%	3,07%

2. OS AVÓS FALAN NORMALMENTE CO PAI/NAI DO NENO/A EN:

LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	AMBAS INDISTINTAMENTE (GALEGA E CASTELÁ)	OUTRAS LINGUAS	NON SABE/NON CONTESTA
64,61%	9,23%	15,38%	7,7%	3,07%

3. OS AVÓS FALAN NORMALMENTE CO ALUMNO/A EN:

LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	AMBAS INDISTINTAMENTE (GALEGA E CASTELÁ)	OUTRAS LINGUAS	NON SABE/NON CONTESTA
60%	15,38%	13,84%	7,69%	3,07%

4. OS PAIS FALAN NORMALMENTE ENTRE SI EN:

LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	AMBAS INDISTINTAMENTE (GALEGA E CASTELÁ)	OUTRAS LINGUAS	NON SABE/NON CONTESTA
56,92%	27,07%	10,76%	7,69%	1,53%

5. OS PAIS FALAN NORMALMENTE CO FILLO/A EN:

LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	AMBAS INDISTINTAMENTE (GALEGA E CASTELÁ)	OUTRAS LINGUAS	NON SABE/NON CONTESTA
53,84%	20%	16,92%	7,69%	1,53%

6. O/A FILLO/A FALA NORMALMENTE COS SEUS AVÓS EN:

LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	AMBAS INDISTINTAMENTE (GALEGA E CASTELÁ)	OUTRAS LINGUAS	NON SABE/NON CONTESTA
36,92%	40%	12,30%	6,15%	3,6%

7. O ALUMNO/A FALA NORMALMENTE COS SEUS PAIS EN:

LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	AMBAS INDISTINTAMENTE (GALEGA E CASTELÁ)	OUTRAS LINGUAS	NON SABE/NON CONTESTA
36,92%	46,15%	9,23%	7,69%	1,53%

8. O ALUMNO/A FALA NORMALMENTE COS SEUS IRMÁNS/ÁS EN:

LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	AMBAS INDISTINTAMENTE (GALEGA E CASTELÁ)	OUTRAS LINGUAS	NON SABE/NON CONTESTA
23,07%	44,61%	3,07%	1,53%	27,69%

9. O/A ALUMNO/A FALA NORMALMENTE COS AMIGOS/AS EN:

LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	AMBAS INDISTINTAMENTE (GALEGA E CASTELÁ)	OUTRAS LINGUAS	NON SABE/NON CONTESTA
23,69%	66,15%	4,61%	0%	1,53%

EDUCACIÓN PRIMARIA

1. OS AVÓS FALAN NORMALMENTE ENTRE SI EN:

LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	AMBAS INDISTINTAMENTE (GALEGA E CASTELÁ)	OUTRAS LINGUAS	NON SABE/NON CONTESTA
68,30%	13,38%	7,74%	5,63%	4,92%

2. OS AVÓS FALAN NORMALMENTE CO PAI/NAI DO NENO/A EN:

LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	AMBAS INDISTINTAMENTE (GALEGA E CASTELÁ)	OUTRAS LINGUAS	NON SABE/NON CONTESTA
63,38%	16,90%	11,26%	7,74%	0,68%

3. OS AVÓS FALAN NORMALMENTE CO ALUMNO/A EN:

LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	AMBAS INDISTINTAMENTE (GALEGA E CASTELÁ)	OUTRAS LINGUAS	NON SABE/NON CONTESTA
42,95%	30,98%	16,90%	5,63%	3,32%

4. OS PAIS FALAN NORMALMENTE ENTRE SI EN:

LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	AMBAS INDISTINTAMENTE (GALEGA E CASTELÁ)	OUTRAS LINGUAS	NON SABE/NON CONTESTA
50%	29,57%	9,15%	9,15%	2,11%

5. OS PAIS FALAN NORMALMENTE CO FILLO/A EN:

LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	AMBAS INDISTINTAMENTE (GALEGA E CASTELÁ)	OUTRAS LINGUAS	NON SABE/NON CONTESTA
38,02%	33,80%	19,71%	7,04%	1,4%

6. O/A FILLO/A FALA NORMALMENTE COS SEUS AVÓS EN:

LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	AMBAS INDISTINTAMENTE (GALEGA E CASTELÁ)	OUTRAS LINGUAS	NON SABE/NON CONTESTA
28,87%	53,52%	7,74%	5,63%	4,22%

7. O/A ALUMNO/A FALA NORMALMENTE COS SEUS PAIS EN:

LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	AMBAS INDISTINTAMENTE (GALEGA E CASTELÁ)	OUTRAS LINGUAS	NON SABE/NON CONTESTA
25,35%	56,33%	9,85%	6,33%	2,11%

8. O/A ALUMNO/A FALA NORMALMENTE COS SEUS IRMÁNS/ÁS EN:

LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	AMBAS INDISTINTAMENTE (GALEGA E CASTELÁ)	OUTRAS LINGUAS	NON SABE/NON CONTESTA
19,01%	50,70%	3,5%	4,22%	22,63%

9 O/A ALUMNO/A FALA NORMALMENTE COS AMIGOS/AS EN:

LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	AMBAS INDISTINTAMENTE (GALEGA E CASTELÁ)	OUTRAS LINGUAS	NON SABE/NON CONTESTA
9,85%	71,83%	11,9%	1,4%	2,75%

C/ Porcentaxe total de uso da lingua

1. OS AVÓS FALAN NORMALMENTE ENTRE SI EN:

LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	AMBAS INDISTINTAMENTE (GALEGA E CASTELÁ)	OUTRAS LINGUAS	NON SABE/NON CONTESTA
69,08%	11,59%	8,21%	6,76%	4,34%

2. OS AVÓS FALAN NORMALMENTE CO PAI/NAI DO NENO/A EN:

LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	AMBAS INDISTINTAMENTE (GALEGA E CASTELÁ)	OUTRAS LINGUAS	NON SABE/NON CONTESTA
63,76%	14,49%	12,56%	7,72%	1,44%

3. OS AVÓS FALAN NORMALMENTE CO ALUMNO/A EN:

LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	AMBAS INDISTINTAMENTE (GALEGA E CASTELÁ)	OUTRAS LINGUAS	NON SABE/NON CONTESTA
48,3%	26,08%	15,94%	6,28%	3,35%

4. OS PAIS FALAN NORMALMENTE ENTRE SI EN:

LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	AMBAS INDISTINTAMENTE (GALEGA E CASTELÁ)	OUTRAS LINGUAS	NON SABE/NON CONTESTA
52,17%	27,53%	9,66%	8,69%	1,93%

5. OS PAIS FALAN NORMALMENTE CO FILLO/A EN:

LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	AMBAS INDISTINTAMENTE (GALEGA E CASTELÁ)	OUTRAS LINGUAS	NON SABE/NON CONTESTA
28,5%	29,46%	18,84%	7,24%	1,41%

6. O/A FILLO/A FALA NORMALMENTE COS SEUS AVÓS EN:

LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	AMBAS INDISTINTAMENTE (GALEGA E CASTELÁ)	OUTRAS LINGUAS	NON SABE/NON CONTESTA
31,4%	49,27%	9,17%	6,28%	3,86%

7. O ALUMNO/A FALA NORMALMENTE COS SEUS PAIS EN:

LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	AMBAS INDISTINTAMENTE (GALEGA E CASTELÁ)	OUTRAS LINGUAS	NON SABE/NON CONTESTA
28,98%	53,14%	9,66%	6,28%	1,93%

8. O ALUMNO/A FALA NORMALMENTE COS SEUS IRMÁNS/ÁS EN:

LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	AMBAS INDISTINTAMENTE (GALEGA E CASTELÁ)	OUTRAS LINGUAS	NON SABE/NON CONTESTA
20,28%	48,79%	3,38%	3,38%	24,15%

9. O/A ALUMNO/A FALA NORMALMENTE COS AMIGOS/AS EN:

LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	AMBAS INDISTINTAMENTE (GALEGA E CASTELÁ)	OUTRAS LINGUAS	NON SABE/NON CONTESTA
15,45%	70,04%	9,66%	0,96%	2,41%

A tenor dos datos recollidos podemos concluír que a xeración dos avós/avoas fala maioritariamente entre si en galego, tanto na etapa de Infantil coma na de Primaria, situación que se mantén na relación destes coa seguinte xeración, entre avós/as e fillos/as.

Os avós/as empregan a lingua propia na comunicación cos netos/as, de maneira ampla en Infantil, igualándose nesta etapa o uso do castelán cos que o fan de xeito bilingüe: utilizando o castelán e o galego indistintamente. En Primaria predomina o uso do galego, mais o castelán vai en ascenso.

Con respecto ao idioma usado entre os pais/nais, cómpre sinalar que falan maioritariamente en galego, dándose un lixeiro descenso no emprego deste na etapa de Primaria.

En canto ao idioma empregado entre pais/nais e fillos/as, o uso da nosa lingua é maioritario tanto en Infantil coma en Primaria, aínda que nesta etapa o emprego da castelá aumenta un chisco, sen chegar a superar ao da galega.

Os datos mudan notablemente a partir do estudo da lingua de comunicación entre fillos/as e avós/as, sendo o castelán a lingua predominante, acentuándose máis o seu emprego na etapa de primaria.

A situación lingüística non mellora na relación entre pais/nais e fillos/as, reafirmándose no exposto anteriormente e mesmo véndose incrementado o uso do castelán, sendo máis notable na etapa de Primaria.

No tocante ao emprego do galego na comunicación entre irmáns/ás, segue a tónica anterior; o castelán fálase de xeito maioritario en Infantil e sobe o seu uso na etapa de Primaria. Neste apartado temos que mencionar o dato de que un elevado número de alumnos/as escolarizado no centro en ambas etapas educativas non ten irmáns/ás.

O uso do castelán entre iguais, na relación cos amigos/as, acada un resultado moi elevado na etapa de Infantil, chegando a unha porcentaxe altísima en Primaria.

Dito isto podemos concluír que, aínda que o galego se fala de xeito maioritario entre avós/avoas, por unha banda; na relación entre os proxenitores, por outra; e entre estes e os seus fillos/as; é na transmisión entre estas dúas xeracións onde se perde a lingua vernácula xa que, como podemos constatar dados os resultados acadados, o noso alumnado comunícase de xeito maioritario en castelán, tanto na relación entre irmáns/ás coma cos amigos/as; dándose un contexto lingüístico verdadeiramente preocupante respecto á conservación do idioma, polo claro predominio do castelán sobre o galego.

Sinalar ademais que, a día de hoxe, está escolarizado no centro alumnado de procedencia estranxeira ou de familias orixinarias doutros países afincadas no noso, que empregan as súas linguas maternas no contexto familiar. Así, temos nenos/as que falan linguas de orixe románica, coma o italiano, portugués ou francés; outros casos nos que a súa lingua inicial é unha lingua xermánica (inglés); outros que se desenvolven en wolof (lingua nativa desta etnia, falada por alumnado de orixe senegalés); mentres que outros o fan nun idioma de procedencia semítica (árabe) ou en marroquí (lingua que presenta similitudes coa anterior), e mesmo en ucraíno (de orixe eslava). Esta realidade tamén está presente á hora de elaborar o presente documento.

4. DESCRICIÓN DO CENTRO

4.1. Número de unidades.

Os datos relativos a este apartado aparecen recollidos no DOC.

4.2. Recursos persoais

Estes datos recóllense, coma no apartado anterior, tamén no DOC.

Non obstante, centrándonos nos recursos persoais: persoal docente e persoal non docente (conserxe, coidador/a, limpadoras); consideramos que se dá unha presenza do galego favorable para a súa dinamización dentro do contexto escolar.

4.3. Áreas impartidas nas distintas linguas.

Tendo en conta a Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010 que anula o punto 2 do artigo 5, o centro decidirá que lingua se usará na aula, baseándose no seguinte:

1. Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, aínda que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo.
2. Cada centro educativo deberá facer constar no seu proxecto lingüístico as actividades e estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais.

No CEIP Plurilingüe Alexandre Rodríguez Cadarso, a lingua vehicular en Educación Infantil é o galego. Ademais, dedicarase unha sesión semanal ao proxecto plurilingüe e outra sesión á lingua estranxeira, na área de Psicomotricidade, a cada un dos cursos de educación infantil; non superando así o máximo dun terzo do horario lectivo de cada grupo.

Con referencia á Educación Primaria e atendendo ao artigo 6 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, quedarían establecidas como segue:

LINGUA GALEGA	Lingua galega e literatura	Ciencias da Natureza Ciencias Sociais	Relixión ou Valores Sociais e Cívicos Música
LINGUA CASTELÁ	Lingua castelá e literatura	Matemáticas	Plástica (De 1º a 4º curso?)
LINGUA INGLESA	Lingua Estranxeira: Inglés	Educación Física de 1º a 4º	Plástica (5º e 6º)

4.4. Relacións que se establecen co contexto familiar e social.

Inclúense dentro deste apartado as relacións que se establecen con axentes externos ao centro escolar, incluíndo neste grupo ás familias, á administración local, a diversas asociacións culturais e deportivas, etc.

Deberemos ter en conta que en todas estas relacións deberá primar o emprego da lingua galega:

- Na correspondencia que se estableza coas familias do alumnado.
- Na lingua oral empregada cando se mantén unha conversa coas familias dos alumnos/as.
- Nas xuntanzas con persoal do Concello.
- Nas actividades programadas conxuntamente con outras asociacións culturais ...

5. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

5.1. EDLG no curso 2022/2023

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega ten como finalidade potenciar o uso da lingua propia entre toda a comunidade escolar.

Está composto por mestres/as que actúan en representación de todos os niveis e etapas, tal e como se establece nas NOFC do centro.

O EDLG promove e dinamiza unha serie de actividades incardinadas nun proxecto anual de centro e colabora, de xeito coordinado, co resto de equipos de traballo: equipos de nivel, equipo de biblioteca, equipo das TIC e equipo de actividades complementarias e extraescolares e mesmo co Departamento de Orientación.

Algunhas das actividades teñen carácter xeral e estable e execútanse nun contexto plurianual, establecéndose unha continuidade no tempo; mentres que outras

teñen unha vixencia puntual, dentro dun ano académico, e varían, polo tanto, dun curso a outro.

5.2. Actividades que desenvolve o EDLG.

Dentro das actividades que o EDLG ven desenvolvendo neste centro escolar, podemos dividilas en dous ámbitos ben diferenciados:

- As referidas á análise, valoración e adaptación, centradas:
 - Na realidade social do centro.
 - Na realidade local.
 - Na realidade da comunidade.
- As pedagóxicas, que serán amplamente detalladas no apartado 7, relativo ás liñas de actuación.

6. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

A tenor dos resultados das enquisas, evidénciase a necesidade de reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación a contextos vivos, facilitándolle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua propia e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, erradicando o seu emprego sexista en todos os ámbitos e respectando, así mesmo, a situación sociolingüística na que se enmarca cada centro.

“Acadar que o alumnado desenvolva todo o seu potencial para que se consiga a mellor interacción deste co medio e a realidade na que convive, dotándoo de todos os coñecementos e estratexias necesarios que permitan a súa plena autonomía en todos os aspectos da súa vida”.

Esta debería ser unha das metas que debe marcarse calquera centro educativo, polo que se amosa indispensable, o coñecemento e o dominio da lingua propia do país onde o alumnado vive e convive.

Consecuente con todo isto, tamén se considera obvio marcar como un dos obxectivos principais da educación desenvolvida no CEIP Plurilingüe Alexandre Rodríguez Cadarso, o coñecemento da nosa lingua; a lingua que nos transmiten as anteriores xeracións e a nosa veciñanza, a lingua na que os nosos ancestros nos contan as historias, os contos e os coñecementos que ata o día de hoxe nos foron chegando.

Por todo isto, elaborárase unha listaxe de obxectivos que se pretenden acadar dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega:

- Desenvolver no alumnado a curiosidade polas linguas, e proporcionarlle coñecementos básicos sobre que son e como funcionan, procedementos sinxelos para a construción destes coñecementos a partir da observación, manipulación e comparación das diferentes linguas presentes na aula, e unha perspectiva crítica sobre como se usan.
-

- Converter ao alumnado en usuarios especialmente preparados para usar cada unha das linguas do repertorio plurilingüe persoal como ferramenta para a adquisición, construción e vehiculación de coñecementos, para o gozo e a creación literaria, e para a análise crítica do contorno e a acción social a través da linguaxe.
 - Potenciar o uso da Lingua Galega, dinamizadora, dentro da Comunidade escolar.
 - Promover, impulsar e coordinar diferentes actividades en colaboración cos demais Equipos de traballo do centro: Actividades Complementarias e Extraescolares, TIC e Biblioteca.
 - Colaborar con diferentes entidades civís e privadas do municipio e comarca a través de proxectos de traballo, achega de ideas e suxestión de actividades de interese, de xeito que as poidan ter en conta de cara á súa organización interna e á proposta de actividades que oferta.
 - Empregar distintos medios técnicos como instrumentos para a difusión das nosas actividades a prol da Lingua Galega, fomentando o uso das TIC.
 - Realizar determinadas actividades, na medida do posible, con carácter estable ao longo do curso: Samaín, Magosto, Entroido, Día da Ciencia, Día do Libro, Celebración Letras Galegas, ...
 - Promover a participación dos membros da comunidade educativa na recuperación de distintas tradicións culturais.
 - Favorecer o achegamento a oficios tradicionais e/ou actividades artísticas en risco de desaparición.
 - Realizar saídas culturais coa finalidade de coñecer a contorna e convivir con nenos/as do mesmo nivel e/ ou doutros, así coma cos/as mestres/as.
 - Recuperar/descubrir lugares da contorna do Centro como espazos lúdicos e explorar as súas posibilidades (Paralada)
Utilizar, promover e divulgar a lingua galega en todas as actividades que se leven a cabo no Centro.
 - Traballar cara a consecución dunha boa competencia nas dúas linguas oficiais e desenvolver todo o posible a competencia en lingua estranxeira.
 - Promover a lectura, fala, comprensión e escritura na lingua propia do país.
 - Seguir promovendo a escrita en galego en todas as comunicacións que saian do centro, así como toda a documentación empregada a nivel interno.
 - Dotar ao centro dos materiais curriculares axeitados para o coñecemento da lingua e cultura galegas.
 - Facilitar a asistencia ao colexio de ilustradores/as escritores/as, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional, ou persoeiros relevantes da escena pública, que promovan a lingua e cultura galegas.
 - Dotar á biblioteca e ás aulas de materiais e audiovisuais en galego, e promover o seu uso.
-

- Manter informada á comunidade educativa de acontecementos vencellados coa cultura na zona: exposicións, festexos, revistas...
- Posibilitar a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente da lingua predominante, atendendo á inmersión lingüística do alumnado inmigrante se o houbera.
- Potenciar a visión do Equipo de Dinamización da Lingua Galega como órgano de coordinación docente e dar visibilidade explícita ás súas actuacións.
- Realizar campañas de sensibilización entre as familias da importancia do uso do galego non só no ámbito escolar, contribuíndo así á valoración e dignificación do idioma.

7. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Á hora de planificar, cómpre ter en conta que o principal receptor das actividades programadas vai ser o noso alumnado, e o que se pretende é unha participación dinámica e activa por parte del.

Trataremos de potenciar un uso funcional e positivo da nosa lingua, fuxindo de estereotipos negativos cara o emprego do galego e coidando a linguaxe de maneira que respectemos todas as sensibilidades (inclusiva, non sexista). Espertar o interese e o amor pola lingua será o noso obxectivo fundamental.

Unha vez formulados os obxectivos que se pretenden acadar ao longo deste curso 2022/2023, e partindo destes, serán expostas as actividades que se poden levar a cabo dende o EDLG:

- Realización das enquisas sociolingüísticas no noso centro.
 - Levar a cabo compilacións de regueifas, cantigas, contos e tradicións da zona.
 - Dar a coñecer a orixe, historia, tradicións propias da zona ou doutros lugares de Galicia para algunhas celebracións: o Magosto, a figura do Apalpador no Nadal, Día da Candeloria, Entroido, os Maios, San Xoán ... e a partir destas propoñer reflexións e debates entre o alumnado.
 - Facilitar unidades didácticas fotocopiáveis, ligazóns de interese e páxinas web axeitadas a cada etapa (Infantil e Primaria) e a cada nivel educativo, que permitan afondar dende a titoría nos contidos propios de determinadas conmemoracións e festas tradicionais: Magosto, Samaín, Entroido, Día do Libro, Día das Letras Galegas...
 - Realización de actos abertos a toda a comunidade educativa sobre a celebración das festas tradicionais: Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, Letras Galegas.
 - Degustación de produtos típicos achegados polas familias do alumnado en determinadas épocas do ano ou co gallo dalgunhas celebracións: Samaín, Entroido, Letras Galegas.
-

- Campañas de animación á lectura coa realización de actividades plásticas e literarias, exposición de materiais creados tanto no propio centro como achegado por outras institucións e elaboración de material divulgativo.
- Compilación dalgúns traballos do alumnado, quedando á disposición de todos os que os queiran revisar na biblioteca do centro.
- Difusión e participación en diversas actividades organizadas e promovidas polo Concello de Noia, ou por outras asociacións, en relación ao emprego do galego ou á difusión da cultura propia de Galicia.
- Solicitarlle a pais/nais, avós/avoas que participen activamente na realización de obradoiros ou charlas para o alumnado.
- Realización de saídas didácticas relacionadas co ámbito da lingua galega e das tradicións populares.
- Programación de visitas ao centro por parte de contacontos, escritores/as, ilustradores ou artesáns/ás.
- Coordinación en colaboración do Departamento de Deportes do Concello e outros centros escolares de xornadas deportivas, de xogos tradicionais ou todas aquelas que difundan a cultura galega.
- Uso da radio escolar para fomentar o uso da lingua galega.

8. METODOLOXÍA, ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE PARA A ADQUISICIÓN DAS DÚAS LINGUAS OFICIAIS E DAS LINGUAS ESTRANXEIRAS OFERTADAS NO CENTRO

8.1. Acordos metodolóxicos básicos de actuación para todas as linguas

- Motivaremos ao alumnado para que valore a realidade plurilingüística e a riqueza cultural de Galicia, impulsando a lingua galega como elemento da identidade persoal e social.
 - Fomentaremos a valoración das nosas tradicións, lendas, contos, refráns..., concienciándoos da importancia que ten o axeitado uso da lingua para o desenvolvemento persoal e da vida social.
 - Participaremos activamente en situacións de comunicación oral, espontáneas ou planificadas, comprendendo os textos orais e interpretando os seus principais elementos estruturais e de contido.
 - Potenciaremos a lectura, aplicando estratexias adecuadas aos diferentes tipos de textos e en diferentes soportes.
 - Producirán textos escritos, adecuando a lingua que se traballe á situación comunicativa.
 - Fomentaremos a comunicación escrita e oral como fonte de diversión, información e medio de expresión dos valores sociais e culturais.
 - Identificaremos a intención comunicativa dunha mensaxe, oral ou escrita, constituída por distintos códigos, verbais e non verbais.
-

- Utilizaremos o dicionario como ferramenta básica de axuda para ampliar os coñecementos.
- Automatizarán as normas ortográficas máis frecuentes.
- Utilizarán os medios de comunicación como fonte de información e para construír unha opinión propia e obxectiva.

8.1.1. Medidas con relación á lingua galega.

- Informar ao profesorado dos cursos e actividades de formación sobre a lingua galega.
- Dotar ao profesorado dos materiais e recursos necesarios en lingua galega (dicionarios, gramática, atlas, mapas...).
- Solicitar das editoriais o material didáctico e de apoio ao profesorado que se precise.
- Potenciar o uso oral da lingua galega nas relacións coas familias, co alumnado e co persoal non docente.
- Potenciar o uso oral da lingua galega nas reunións dos órganos de xestión e coordinación docente.
- Fomentar no alumnado o emprego da lingua galega como lingua de relación.
- Elaborar en galego toda a documentación pedagóxica que proceda.
- Utilizar a lingua galega na xestión administrativa do centro.
- Usar as Tecnoloxías da Información e da Comunicación en galego, sempre que sexa posible.
- Propiciar a realización de actividades e o intercambio de experiencias con outros centros educativos.
- Implicar a toda a comunidade no proceso de normalización da lingua galega.

8.1.2. Medidas con relación á lingua castelá.

- Manter informado aos membros do claustro das actividades de formación sobre lingua castelá.
- Achegarlle ao profesorado os materiais e recursos necesarios (dicionarios, gramática...).
- Demandar das editoriais o material didáctico e de apoio ao profesorado que se precise.
- Propiciar a participación en actividades e visitas culturais que favorezan a aprendizaxe do idioma.

8.1.3. Medidas con relación á lingua inglesa.

- Dar información dos cursos e actividades de formación sobre lingua inglesa, así coma das actividades de inmersión lingüística convocadas pola Consellería de Educación e outras entidades.
- Solicitar ás editoriais o material didáctico e de apoio ao profesorado que se precise.
- Proporcionarlle ao profesorado os materiais e recursos necesarios (dicionarios, xogos adaptados aos diferentes niveis..).
- Continuar a desenvolver o Programa Plurilingüe, que se vén implementando no 2º ciclo de Educación infantil e en Educación Primaria.
- Fomentar o uso das catro destrezas lingüísticas (escoita, fala, lectura, escritura) dentro e fóra da aula, potenciando a competencia comunicativa.
- Utilizar recursos audiovisuais e Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC).
- Aproveitar o programa de auxiliar de conversa para mellorar a competencia en lingua inglesa e o coñecemento da cultura anglosaxona do alumnado e do profesorado.
- Potenciar a realización de actividades en lingua inglesa no marco das actividades xerais do centro (celebracións, festivais...).

8.2. Actividades e estratexias para o fomento das linguas

Propiciaremos todo tipo de actuacións que favorezan o uso e práctica das distintas linguas dende o Equipo directivo, o departamento de orientación, o EDLG, así como as demais coordinacións dos equipos docentes. Ademais das actividades realizadas nas liñas de actuación do punto 7, trataremos de levar a cabo as seguintes actividades e estratexias para o fomento das dúas linguas oficiais, así como das linguas estranxeiras:

- Tendo en conta os materiais relacionados coas TIC, daremos ao profesorado información sobre materiais didácticos, lingüísticos e pedagóxicos existentes.
 - Compilación e creación de poemas de temática determinada.
 - Consulta e interpretación de cancioneros en ambas linguas.
 - Realización de visitas culturais e educativas para participar en actividades organizadas dende o Centro, o Concello ou outros organismos.
 - Realización de actividades relacionadas co xogo tradicional comparándoo con aspectos socioculturais doutros lugares.
 - Fomento da tradición oral.
 - Compilación de traballos realizados polo alumnado.
 - Compilación de actividades de elaboración de receitas do mundo.
 - Realización de representacións teatrais e poéticas en todas as linguas.
-

- Aprendizaxe e interpretación de cantigas nas linguas traballadas no centro.
- Participación en concursos dirixidos a centros educativos.
- Crearemos espazos para a exposición de materiais que se vaian facendo nas aulas.
- Uso da biblioteca como lugar de fomento da adquisición das diferentes linguas a través de contacontos, exposicións,...
- Relación cos EDLG doutros centros para realizar actividades conxuntas e intercambiar experiencias.

9. DECISIÓN RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTEN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

Con respecto á distribución lingüística curricular, no centro cúmprese o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. O profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, tendo en conta a lingua do contorno procurando que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites de cada nivel.

Na etapa de Educación Infantil, nos últimos anos, atopámonos cunha situación con predominio do castelán sobre o galego aínda que, pola contra, tanto o curso pasado coma o actual apréciase certa tendencia ao cambio. Así, na aula de Infantil D, a totalidade dos alumnos/as de 3 anos teñen como lingua inicial o galego; en Infantil C, contamos con 6 falantes en galego; en Infantil B, prevalece tamén o galego: é falado por 4 nenos/as fronte a 2 en castelán; pola contra, en Infantil A, 4 castelán falantes fronte a 3 galego falantes.

Cómpre sinalar tamén que, tanto en Infantil B coma en C, hai un alumno que ten por lingua materna un idioma estranxeiro.

Tendo en conta que o obxectivo que se persegue é que o alumnado manteña a súa lingua nai (neste caso a galega) e que vaia acadando progresivamente unha boa competencia na lingua castelá, consideramos que o camiño a seguir será a utilización do galego de xeito habitual polos docentes, xa que nos niveis educativos posteriores, o alumnado castelán falante é maioritario.

Estes datos recollidos ao comezo da escolarización do alumnado de tres anos contrastan cos obtidos ao longo do seu proceso educativo no noso centro, sendo verdadeiramente alarmantes no momento do remate da etapa de Primaria.

Pode concluírse que en moitos casos os nosos nenos e nenas entran na escola falando galego e saen dela facéndoo en castelán; cuestión que debería levarnos a un proceso de reflexión conxunta aos mestres e mestras que compoñemos o Claustro, en xeral, e ao EDLG en particular; analizar en profundidade que factores inciden neste cambio e asumir a nosa parte de responsabilidade no mesmo.

A partir de aí, haberá que adoptar unha serie de medidas correctivas ou de mellora do noso proxecto lingüístico, continuar unha liña educativa na que se implementen

actividades motivadoras para o alumnado, implicar ás familias, favorecendo ao máximo a súa participación e colaboración na escola, se realmente queremos acadar a nosa meta educativa, que non é outra que **espertar o amor pola lingua** na rapazada e **poñer en valor o noso patrimonio inmaterial**.

Así mesmo haberá que comprobar periodicamente o grao de dominio do castelán por parte do alumnado para que acaden a competencia a un nivel axeitado. Ademais, o alumnado que ten como lingua inicial un idioma estranxeiro, formará parte do plan de inmersión lingüística establecido polo centro.

Dado que a oralidade é a característica xeral desta etapa, tratarase de que o alumnado que ten como lingua o galego consolide esta e amplíe os seus usos ás diferentes situacións que xurdan na vida escolar.

Na etapa de Educación Primaria as materias de linguas impártense no idioma de referencia, Matemáticas en castelán e Ciencias da Natureza e Sociais en galego.

O uso da lingua no resto das actividades repártese do seguinte xeito:

- Música.- galego
- Relixión e Valores sociais e cívicos.- galego
- Plástica.- De 1º a 4º en castelán/ 5º e 6º en inglés (para o desenvolvemento do Proxecto Plurilingüe)
- Educación Física en inglés (para o desenvolvemento do Proxecto Plurilingüe) 5º e 6º en castelán

Segundo o Artigo 3.2 do decreto 79/2010 de 20 de maio, as programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva. En canto ao resto de materias elaboraranse as programacións, con carácter xeral, en Lingua Galega.

10. MEDIDAS (ESPECÍFICAS) ADOPTADAS PARA O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN.

Son dúas as causas principais polas que o alumnado pode presentar dificultades ou escaso dominio nas linguas oficiais:

- **Alumnado procedente do estranxeiro**

Na etapa de educación infantil atenderase de xeito individualizado ao alumnado tendo en conta a súa lingua materna. O alumnado do último curso de educación infantil, sempre e cando descoñeza as dúas linguas oficiais da comunidade, poderá formar parte dun grupo de adquisición de linguas tal e como se recolle no decreto 229/2011 do 29 de decembro de Atención a diversidade e na Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve.

Tal e como se recolle no apartado 4.3 do Plan de Acollida do centro, Alumnado de incorporación tardía ao noso sistema educativo, a escolarización e adscrición deste alumnado a un grupo-clase vén precedida dunha avaliación inicial, e de ser o caso dunha avaliación psicopedagóxica.

Os datos obtidos da mencionada avaliación entre outras decisións, determinarán a organización da resposta educativa máis axeitada para este alumnado, tal e como aparece reflectido no devandito plan.

É importante ter en conta a Orde de 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2022, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado. no que se establece que este alumnado poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos cando á súa incorporación ao sistema educativo galego sexa no terceiro ciclo de Primaria, 5º e 6º nivel.

- **Presentar necesidades educativas especiais.**

Para este alumnado, o proceso de ensino-aprendizaxe deberá desenvolverse na súa lingua materna, sen prexuízo de que progresivamente poidan aprender a segunda lingua, previa valoración individual de cada caso.

Para a adopción de medidas máis concretas, dirixirémonos ao Plan de Atención á Diversidade do centro, así como aos Programas de Intervención Individual que os/as mestres/as especialistas en PT e AL elaboran cada curso e para cada alumno/a en concreto.

Para todo o alumnado obxecto deste punto deberemos traballar os aspectos máis formais na primeira lingua, centrándonos sobre todo na oralidade e nos aspectos máis informais e funcionais nas outras linguas. Isto suporá:

- Dar maior importancia ás destrezas orais.
- Utilización de textos da vida cotiá.
- Intentar que sempre estea presente o enfoque comunicativo.
- Integrar a utilización das TIC nas tarefas habituais.

11. PROGRAMA PLURILINGÜE

O noso centro vén participando no Programa Plurilingüe dende o curso 2010/2011 en Educación Primaria, e no curso 2017/18 ampliouse a Educación Infantil.

O Programa de Plurilingüismo constitúe unha forma de potenciar a competencia lingüística do alumnado e é unha clara aposta pola dimensión europea dos centros de ensino, seguindo a Axenda de Lisboa iniciada en 2000 e revisada na Estratexia Europa 2020, na que un dos eidos da vertente lingüística se fundamenta no ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras.

Na actualidade, os programas plurilingües contribúen a afondar no coñecemento do idioma estranxeiro, e tamén promoven o seu uso en situacións comunicativas sinxelas e significativas para o alumnado nun contorno máis distendido, distinto do habitual estudo do inglés. Ademais, neste contorno imponse unha dinámica de traballo por proxectos máis cooperativa tanto por parte do alumnado coma dos docentes, o que facilita a adquisición da lingua dun modo máis sinxelo.

Así mesmo, pensamos que o proxecto de plurilingüismo contribúe a fomentar actitudes máis respectuosas cara as persoas de diferentes países e culturas, xa que pon ao alumnado en contacto con outras visións culturais diferentes.

Para rematar, consideramos que tamén resulta unha boa canle para afondar no uso das novas tecnoloxías de maneira eficaz e proveitosa a través dos distintos proxectos que se levan a cabo na materia.

11.1. **Obxectivos:**

- Empregar a lingua inglesa como vehículo de aprendizaxe e de coñecemento na área de Educación Física, desenvolvendo estratexias que axuden a contextualizar a lingua.
 - Aprender a expresar emocións, sentimentos e vivencias na lingua estranxeira a través do xogo en equipo e actividades físicas.
 - Expresarse en lingua inglesa para producir mensaxes diversas, tanto para a relación alumno-profesor como alumno-alumno.
 - Explorar e ter curiosidade por coñecer os xogos e recursos que utilizan outros semellantes nos diferentes países de fala inglesa (neste caso poderían ser axudados e guiados pola auxiliar de conversa).
 - Manter hábitos saudables de hixiene e posturais.
 - Desenvolver actitudes de boas prácticas en canto á competición deportiva.
 - Respetar as diferentes maneiras de participación nas actividades deportivas e de xogo, propostas pola mestra especialista, utilizando sempre linguaxe inclusiva e nunca despectiva.
 - Manter actitudes que impliquen o bo desenvolvemento das actividades propostas e que animen á participación de todo o grupo.
 - Desenvolver actitudes de autoconfianza en canto á produción oral en lingua inglesa, respectando sempre as producións dos demais e sabendo aceptar as diferentes opinións e incluso posibles correccións.
-

- Fomentar o plurilingüismo como recurso favorecedor do acercamento a outras culturas, promovendo o respecto e a tolerancia pola diversidade lingüística e cultural, e os valores democráticos da nosa sociedade.

En canto á materia de Plástica, establécense os seguintes obxectivos:

- Explorar as posibilidades plásticas de distintas materias texturas, formas e cores sobre diferentes soportes empregando a lingua inglesa como idioma vehicular.
- Coñecer e dominar léxico de alta frecuencia en inglés relacionado coa área de educación plástica tanto de forma oral coma por escrito.
- Favorecer a comunicación en inglés entre alumno e profesor así como tamén entre compañeiros.
- Comprender o texto instrutivo en inglés presentado nun formato atractivo por exemplo, a través do vídeo curto.
- Gozar das expresións estéticas de distintos artistas tanto nacionais coma internacionais e valorar as súas achegas ao patrimonio cultural.
- Realizar composicións propias que lles permitan expresar emocións así como sensacións básicas empregando distintos elementos e recursos.
- Empregar a lingua inglesa para realizar planos, mapas e pinturas de paisaxes de xeito individual ou en grupo.
- Aumentar gradualmente o nivel de esixencia no proceso de realización de tarefas plásticas aplicando estratexias creativas respectando as normas previamente establecidas.
- Elaborar deseños previos á realización dunha obra para chegar ao resultado final con orde e limpeza.
- Explorar as posibilidades da liña recta para iniciar os traballos de xeometría. Apreciar as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo.
- Analizar en profundidade o concepto de *upcycled art* proporcionando exemplos variados que fomenten a creatividade do alumnado.
- Coñecer artistas e /ou artesáns tanto do entorno próximo coma do panorama nacional e internacional que a través das súas expresións plásticas fagan reflexionar aos estudantes da importancia dunha economía circular sustentable.
- Empregar elementos de reciclaxe nas súas obras artísticas reflexionando de xeito crítico sobre a importancia da reutilización dos materiais para deste xeito minimizar o consumo e contribuír a sostibilidade.

11.2. Estratexias metodolóxicas para desenvolver o Proxecto Plurilingüe

Para levar a cabo o proxecto plurilingüe propoñemos unha metodoloxía flexible, activa e participativa baseada nos principios da aprendizaxe significativa, no desenvolvemento da competencia comunicativa en lingua inglesa, e na aplicación da metodoloxía AICLE (Aprendizaxe Integrada de Contidos e Lingua Estranxeira). Para isto, levarase a cabo un traballo por proxectos, partindo duns centros de interese que favorezan a motivación e creatividade do alumnado.

A continuación resúmense as principais pautas metodolóxicas empregadas:

- **PARTICIPACIÓN:** O método será activo e globalizado, tentando integrar a todos os nenos e nenas na dinámica xeral de participación continua na aula

Por tanto, serán fundamentais as dinámicas e xogos en grupo de cara a acadar o respecto mutuo e a colaboración entre todos.

- **MOTIVACIÓN:** Utilizarase unha metodoloxía motivadora partindo dos coñecementos previos, demandas e necesidades do alumnado. Tentarase captar o interese e curiosidade dos nenos/as presentando a lingua inglesa a través de tarefas significativas dentro dun contexto lúdico: cancións, xogos, deportes varios, presentacións multimedia na área de Educación Física e promovendo a activación do goce estético e baseadas no aprender facendo “learnig by doig” na área de Plástica. O fin é favorecer a creación dun clima agradable no grupo-clase que promova a aprendizaxe.
- **AUTONOMÍA:** Procurarase en todo momento presentar unha metodoloxía que fomente a autonomía dos nenos/as independentemente do seu agrupamento, que será variado en función de cada actividade: traballando de forma individual, en parellas, en pequeno ou gran grupo.
- **CONSTRUCCIÓN DA PROPIA APRENDIZAXE:** Propiciaremos que o alumnado se implique activamente na súa aprendizaxe, polo que se tentará adaptar as actividades propostas en función das características destes.
- **ENFOQUE COMUNICATIVO:** O eixe do noso proxecto constitúeno os procedementos dirixidos á consecución dunha competencia comunicativa efectiva oral e escrita, en contextos sociais significativos, que permita expresarse con progresiva eficacia e corrección e que abarque todos os usos e rexistros posibles, así como o uso de recursos e estratexias de comunicación lingüísticas. Na área de Educación Física e na de Plástica estará moi presente a comunicación oral tanto nas actividades previas de explicación e planificación da tarefa, como no seu proceso, exposición e avaliación. Ademais, para favorecer a comprensión, a linguaxe de aula estará apoiada por recursos visuais e linguaxe non verbal.
- **DIVERSIDADE:** Teranse en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e formas de adquisición de coñecemento na planificación e deseño das actividades a levar a cabo na aula, partindo da base de que un dos nosos obxectivos é preparar ó noso alumnado para enfrontarse a unha realidade multicultural. Traballarase cunha gran variedade de vocabulario relacionado con actividades deportivas, así como as normas tanto de comportamento como de participación e relación, materiais de xogo e hábitos saudables de hixiene e postura; no tocante á área de Educación Física. En relación á Plástica, afondarase no léxico relativo á arte e á emoción que esta provoca en quen a contempla e admira.
- **TOTAL PHYSICAL RESPONSE (RESPOSTA FÍSICA TOTAL):** Esta estratexia metodolóxica terá unha gran importancia debido ao carácter práctico da área de Educación Física. Así, o alumnado terá que responder actuando conforme ás instrucións dadas (*pay attention...*, *pick up...*, *run...*, “*steady,*

ready, go!, touch..., jump..., walk..., let's play...). Conseguirase deste modo estimular o sistema cinestésico-sensorial do alumnado en situación funcionais de comunicación, o que propiciará a interiorización e posterior produción da linguaxe empregada na aula.

12. AVALIACIÓN

O Equipo de Dinamización de Lingua Galega determinará os mecanismos e instrumentos necesarios para a consecución de datos que lles permitan coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos inicialmente propostos, tales coma:

- Realización de enquisas e estatísticas sobre o emprego da lingua galega.
- Observación directa.

En función desta análise, estableceranse as oportunas modificacións e axustes.

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar (art. 14º). Previamente, realizaremos unha valoración deste no seo do claustro, onde tamén se debaterán as diferentes propostas. As conclusións que se obteñan expoñeranse no consello escolar, quen, como xa indicamos, aprobará o Proxecto Lingüístico. Este proxecto remitiráselle cada catro cursos escolares ao servizo de Inspección Educativa. Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

- ✓ Os resultados das actividades e estratexias de aprendizaxe utilizadas para que o alumnado adquiera, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
- ✓ Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no seguinte ano académico.
- ✓ Sé é o caso de que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), informarase sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola Consellería competente en materia de educación.

Así mesmo, no mes de xuño, na memoria anual, recollerase a avaliación dos seguintes ítems:

- Consecución dos obxectivos propostos.
- Análise das actuacións dinamizadoras levadas a cabo.
- Valoración do grao de implicación dos membros da Comunidade Educativa.
- Análise dos materiais e recursos empregados.
- Progreso do alumnado na adquisición de competencias lingüísticas tendo en conta as propostas realizadas.
- Valoración da incidencia do proxecto na Comunidade Educativa.
- Avaliación dos resultados das actividades levadas a cabo: consecución do obxectivo, participación, interese...